

AMOUR FOU

Dirección e guión Jessica Hausner

Ano 2014

Duración 96 min.

Fotografía Martin Gschlacht

Montaxe Karina Ressler

Deseño de produción Katharina Wöppermann

Deseño de vestuario Tanja Hausner

Produción executiva Sarah Nagel, Isabel Wiegand

Dirección artística André Fetzner, Ole Nicolaisen

Intérpretes Christian Friedel, Birte Schnöink, Sandra Huller, Stephan Grossmann, Sebastian Hülk, Peter Jordan

Distribución Paco Poch Cinema

Sinopse No seo da xélida aristocracia alemá decimonónica, preocupada ao ver en perigo os seus privilexios pola influencia das ideas revolucionarias importadas dende Francia, o mozo poeta Heinrich decide poñerlle fin á súa existencia e proponlle á súa curmá Marie suicidárense xuntos. Ante o escepticismo de Marie, o poeta reitéralle a súa proposta a Henriette, nai de familia admiradora da súa última novela. Henriette verase tentada de aceptar despois de coñecer que padece unha enfermidade incurable... Conseguiará este poeta atormentado que algunha muller o acompañe polo menos na morte? *Amour fou* é unha comedia romántica inspirada libremente no suicidio do autor d'A marquesa de O, Heinrich von Kleist, en 1811.

Galardóns Sección Oficial (*Un Certain Regard*) en Cannes 2014 • Sección oficial a concurso no Festival de Sevilla 2014.

FEBREIRO 2018

MARTES 20

**UNHA POMBA POUSOU NUNHA PÓLA A REFLEXIONAR
SOBRE A EXISTENCIA**

Roy Andersson, 2014, Suecia, 101 min.

www.facebook.com/cineclubepontevedra cineclubepontevedra.blogspot.com.es

twitter.com/CineclubPo



AMOUR FOU

JESSICA HAUSNER



CINECLUBE PONTEVEDRA

En 1811, Heinrich von Kleist pegouse un tiro. Tiña 34 anos. Antes disparou contra Henriette Vogel, unha moza supostamente enferma de cancro con quen acordou o duplo suicidio. A morte autoinfrinxida dun dos autores paradigmáticos da literatura alemá canda a súa suposta amante é a base da cuarta longa-metraxe de Jessica Hausner, quen leva a cabo unha operación de derrubamento do halo romántico que a envolve. O protagonismo de Amour fou non recae no autor de Michael Kohlhaas, senón en Henriette, a moza casada e nai dunha filla que morreu canda a el. Coma nos seus anteriores filmes, Hausner esboza o retrato dunha muller atrapada por circunstancias que non é quen de controlar de todo...

Por que lle interesaba rodar un filme en torno ao feito de matarse por amor? A miña primeira idea era facer un filme sobre un duplo suicidio romántico, ao estilo *Romeo e Xulieta*, pero non atopaba ningunha historia que me convencesse. Foi por casualidade que dei cun artigo sobre Heinrich von Kleist onde se explicaba que emprendeu a procura dunha compañeira de suicidio e que llelo ía solicitando a diferentes mulleres: primeiro á súa mellor amiga, logo á súa curmá, e ao final a Henriette Vogel, quen cría que ía morrer de todos xeitos, polo que lle dixo que si [risas]. Vin que esta historia lle daba unha perspectiva moi absurda e pouco convencional á idea do duplo suicidio: a parella no amor e na morte devíña intercambiable, o que resulta máis ridículo ca trágico. E pensei que isto podía ser aplicable a calquera historia de amor, que aquela persoa á que amas non é necesariamente a persoa, senón que podería ser calquera outra.

O filme ten un claro alento pictórico. Ao principio procurabamos imaxes de todo tipo da Alemaña da época para ambientar o filme. Pero nunha librería atopamos unha colección de imaxes de interiores dun período anterior. Entón decidín que quizais resultaba máis interesante traballar cunha estética que non se axustase á do século XIX, principios do XX. Porque non polo feito de nacer nun período particular vas encaixar nel. Inspirámonos sobre todo na pintura do Renacemento, tamén polo uso que se facía da perspectiva central, que nos ofrecía unha aparencia xeométrica moi acaída para a historia.

Resulta inevitable pensar n' *A marquesa de O* de Éric Rohmer vendo o seu filme, e non só pola figura de Heinrich von Kleist. É o único filme ambientado nesa época que me apela nun sentido estético, moito máis ca

todos eses filmes históricos tan ben feitos e producidos. O que me interesa do filme de Rohmer é que me lembra a outros cineastas coma Manoel de Oliveira e Robert Bresson no seu ton seco, agudo e austero. Non tratan de meter mil soldados para representar a realidade, o que me parecería moi inxenuo, senón que están dicindo moi claro, “si, isto é arte”.

O filme ten un sentido do humor absurdo e incómodo ao tempo. Esta é a miña meirande alegría. Porque o principal problema das primeiras versións do guión é que lles faltaba humor, todo o que escribía resultaba tan trágico... Así que cando me enterei de que Von Kleist ía buscando compañeira de suicidio, decateime de que por fin atopara o ton. Era un filme sobre alguén a quen non parece importarlle moito con quen suicidarse. A partir de aquí empezoume a resultar interesante. Eu non son unha persoa con tendencias depresivas. O que non significa que non poida entender o que sente alguén que pensa no suicidio. Así que co humor tamén dei coa maneira de pensar: e por que non?, acaso non pode alguén sentir ganas de morrer? Non todo o mundo ten que sentirse súper feliz de estar vivo [risas]. Encántame a idea de darlle un pouco a volta a este asunto.

No dossier que publicou *Caimán CdC* sobre o cinema austríaco [especial núm. 6/20, de novembro de 2014] enmarcábase ás e aos cineastas actuais nunha mesma intencionalidade crítica ao seu país. Non me sinto exactamente identificada con esta idea. O que me gusta das e dos artistas austríacos non é tanto a crítica cara ao seu país senón o sentido da autocritica. E isto si que o comparto. En Austria conflúen unha cultura da autocritica con outra da melancolía. Existe toda esta tradición das cancións vienesas que falan ao tempo do amor e da morte. Hai unha verdadeira tradición do humor negro, de pintar de negro mesmo aquilo que é de cor rosa. Non podo explicar de onde nos vén este anhelos, mais non deixa de ter un propósito. No meu caso, ten que ver con non darlle as costas ao negativo. Todas as persoas imos morrer algún día, aínda que moitas o neguen. A vida ten algo de absurdo. E non quero deixar de telo presente. É o que me impele a facer filmes.